

DECÁLOGO

de boas prácticas para o fomento dunhas
festas libres de violencias machistas
dirixidos ás empresas culturais e do
espectáculo.



**Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres
de violencias machistas!**



Concello de Oleiros

DECÁLOGO

de boas prácticas para o fomento dunhas festas libres de violencias machistas dirixidos ás empresas culturais e do espectáculo.



**Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres
de violencias machistas!**



Concello de



Oleiros

As agresións contra as mulleres e persoas LGTBIQA+ son violencias exercidas contra elas polo simple feito de ser, de existir. Non son condutas puntuais nin feitos casuais; son resultado do sistema heteropatriarcal no que vivimos, tendo como finalidade controlar a súa conduta e limitar a súa mobilidade e liberdade en todos os espazos- públicos e privados-, incluídos os espazos festivos e de celebración.


Si, estamos de festa... pero non todo vale. As celebracións facémolas todas e todos e, como tal, son de responsabilidade compartida os espazos de ocio e diversión que creamos. Así, é fundamental que desde todas as empresas e entidades culturais, musicais e audiovisuais que participen en actos festivos, se fomenten celebracións libres de violencias. Como persoas integrantes desta industria, temos que ser conscientes da gran repercusión- positiva ou negativa- que poden ter as mensaxes que transmitimos. É por isto que temos que construír discursos que respecten a todas as persoas por igual.

Coa finalidade de incorporar dinámicas máis igualitarias e menos sexistas e estereotipadas, recóllense algunhas pautas e recomendacións dirixidas á creación de atmosferas e espazos festivos respectuosos, igualitarios, seguros e libres de violencia de xénero e outras violencias machistas.

1

Elaboremos contidos visuais máis responsables, respectuosos e igualitarios.

Na nosa industria abunda a publicidade estereotipada, sexista e sexualizada, na que se cousifica o corpo das mulleres. Pero isto non pode ser xustificación para repetir as mesmas dinámicas: que exista sexismo non significa que teñamos que reforzalo e non facer nada para cambialo. Se ben, ás veces, non depende de nós a decisión final, si podemos realizar pequenas accións cotiás que xeren un impacto. Por exemplo: facer pública a nosa postura en prol da igualdade e o rexeitamento das violencias machistas, difundir imaxes onde mulleres e homes teñan un mesmo código de vestimenta, é dicir, nas que non se sexualice as mulleres nin se empregue o seu corpo como reclamo publicitario.



2

Identifiquemos o sexismo no escenario.

Si, o sexismo está incorporado na nosa vida diaria. Pero isto non pode lexitimalo: o sexismo é discriminación, e a discriminación é violencia. Cando perpetuamos condutas, comportamentos, roles e actitudes diferentes entre mulleres e homes durante as actuacións, estamos sendo sexistas. Se somos capaces de identificar estas dinámicas, seremos capaces de evitalas e establecer patróns alternativos. Isto é fundamental para transmitir mensaxes nas que se respecte a todas as persoas por igual.



3

Eliminemos a violencia de xénero e outras violencias machistas como recurso para o espectáculo.

Desde as coreografías, ata o vestiario, pasando por cancións habituais en ambientes festivos, recreáase violencia de xénero e outras violencias machistas, especialmente as de tipo sexual. A cousificación é violencia, o acoso é violencia. Debemos evitar dinámicas durante o espectáculo que poidan lexitimar, promover, romantizar e xustificar calquera tipo de violencia. Non banalicemos as violencias sexuais mediante comentarios, bromas ou mensaxes dirixidos cara ás mulleres e persoas LGTBIQA+. Isto cobra especial relevancia nas interaccións directas co público, nas que adoitan facerse referencia aos canons de beleza, ao físico, á aparencia...; á par que se reforzan os roles e mandatos de xénero que ditan o xeito 'correcto' de ser muller e de ser home. Se ben no repertorio musical é máis complicado omitir cancións con letras que non respectan o principio de igualdade, os comentarios e interaccións persoais son máis sinxelas de controlar. Aproveitemos para posicionarnos e expresar publicamente o rexeitamento por parte da empresa cara ás violencias.

4

Non promovamos estereotipos de xénero.


Transmitir mensaxes que reforcen os roles tradicionalmente asignados a mulleres (cociña, limpeza, coidados, compras etc.) e homes (deportes, aventuras, traballo, vida social etc.) impacta directamente sobre a realidade das persoas, pois contribúen a manter socialmente aceptables e activos os estereotipos de xénero. Evitemos espectáculos que reforcen os roles e mandatos de xénero.



5

Posicionémonos en contra das violencias.

Transmitamos un manifesto ou discurso público no que quede claro que a empresa condena a violencia de xénero e demais violencias machistas, así como a todas aquelas persoas que agreden - dun xeito verbal, non verbal ou corporal- nos espazos festivos e de lecer en particular. Sinalemos, por exemplo, que, en moitas ocasións, as agresións revístense ou disfrázanse de 'piropos'. Estes non deixan de ser a opinión non solicitada de alguén que se sente coa total liberdade de dar a súa opinión sobre o físico e/ou comportamento doutra persoa.



6

Non fomentemos prexuizos en base ao xénero.

Emitir mensaxes que reforcen os prexuizos da feminidade e a masculinidade fai que sexa máis complicado combatelos e desmontalos, facendo que prevalezan no imaxinario colectivo. Nin todas as mulleres son pacíficas, cálidas, doces, heterosexuais, submisas, responsables, delicadas, fráxiles, sensibles, irracionais etc., nin todos os homes son graciosos, valentes, fortes, heterosexuais, intelixentes, decididos, aventureiros, agresivos etc. Outorgar actitudes e comportamentos baseadas no que se espera de cada persoa en función do seu xénero asignado é prexulgar e reforzar as violencias, pois funcionan como discurso de control e presión para que mulleres e homes cumpran coas actitudes e condutas que se esperan deles e delas.



7

Representemos as persoas como suxeitos, non como obxectos.

Presentar as mulleres como obxectos, premios, ou empregar o corpo das mulleres tan só para captar a atención, é unha das formas máis comúns de exercer as violencias desde os espectáculos. As mulleres son suxeitos activos, pensantes e libres, non obxectos, propiedade de ninguén, nin trofeo nin territorio de conquista. Hipersexualizar a súa imaxe ou empregar os seus atributos físicos como decoración, é cousificación e, como tal, violencia.



8

Empreguemos formas de expresión que non exclúan a ningunha persoa.

A linguaxe que empregamos, en moitas ocasións, omite ou invisibiliza as mulleres e persoas que non se identifican co binomio sexo-xénero. Se ben as letras das cancións non sempre se poden modificar, é especialmente importante que coidemos a linguaxe que empregamos nas interaccións que temos co público, de forma que todas as persoas presentes se sintan representadas e interpeladas. Isto é, evitemos facer un uso non inclusivo e sexista da linguaxe, que cousifique, degrade e humille as mulleres e persoas LGTBIQA+. Máis alá do uso do desdoblamento (todas e todos, invitados e invitadas, veciñas e veciños, nenos e nenas etc.) podemos comunicarnos con outras fórmulas gramaticais máis inclusivas e menos sexistas. Existen moitos recursos en liña nos que se recollen pautas para un uso máis inclusivo e igualitario da linguaxe. O propio Concello de Oleiros dispón dunha Guía para un uso inclusivo e non sexista da linguaxe. Podemos solicitala escribindo ao correo electrónico igualdade@oleiros.org. É importante tamén que revisemos as mensaxes e demais publicacións nas redes sociais, cartelería publicitaria, páxina web etc.

9

Fomentemos a igualdade de xénero.

As mulleres tamén saben tocar instrumentos. Polo xeral, nas empresas da industria do espectáculo aparecen ben diferenciados os postos de mulleres e homes. Así, atopamos que maioritariamente as mulleres cantan e bailan, mentres que os homes cantan, bailan e tocan instrumentos. Visibilicemos a mulleres en sectores que sempre estiveron masculinizados!



10

Difundamos e contaxiemos boas prácticas.

Contribuír a construír unha industria do espectáculo libre de violencia de xénero e outras violencias machistas é unha responsabilidade colectiva. Para logralo, precisamos promover mensaxes comprometidas coa igualdade nos ámbitos laborais e profesionais da nosa vida. Difundir mensaxes, campañas de sensibilización, boas prácticas etc. son accións que axudan a mellorar o nosa industria e, con isto, a sociedade no seu conxunto.





**Sen igualdade, non hai festa.
Por unhas festas libres de violencias machistas!**



Concello de Oleiros